



AUTORIZACIÓN PARA O TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

D./D^a. _____, con NIF _____, e domicilio a efectos a efectos de notificación en _____, de _____, mediante o encenamento e sinatura deste documento, acepta e autoriza expresamente que os datos persoais incorporados á solicitude da que este documento é Anexo, e a outros documentos normalizados relativos á actividade da Sección de Promoción Económica e Emprego, da Área de Promoción Económica e Social da Deputación Provincial de Lugo, sexan tratados de forma e coas limitacións e dereitos que recolle o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Deste xeito, de conformidade co disposto no artigo 13 do devandito Regulamento, infórmase do seguinte:

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable	Os seus datos serán incorporados a un ficheiro cuxo responsable é a Deputación Provincial de Lugo
Finalidade	A finalidade da dita incorporación será a de realizar os trámites relacionados coa xestión da súa solicitude e, de ser o caso, coa concesión e a xustificación da subvención.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento
Destinatarios	Non se cederán datos a terceiros, salvo obriga legal
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na "información adicional" (reverso)
Información adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos no reverso deste documento e na nosa web: www.deputacionlugo.gal

E para que conste, habendo lido o redactado anteriormente, autorizo á Sección de Promoción Económica e Emprego, da Área de Promoción Económica e Social de Deputación Provincial de Lugo, para o tratamento dos meus datos nos termos expostos e para as seguintes finalidades:

Tramitación da solicitude de subvención.

Tramitación relacionada, de ser o caso, coa concesión da subvención.

En _____, a _____ de _____ de _____

O/A representante legal da entidade,



INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

¿Quen é o responsable do tratamento dos seus datos?

Do tratamento dos datos persoais incorporados á solicitude da que este documento é anexo, e a outros documentos normalizados relativos á actividade da Sección de Promoción Económica e Emprego, da Área de Promoción Económica e Social da Deputación Provincial de Lugo, é responsable:

- Identidade: Deputación Provincial de Lugo
- Dirección postal: Rúa San Marcos, 8 – 27001, Lugo
- Teléfono: 982 260 000
- Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org
- Contacto Delegado de Protección de Datos: dpd@deputacionlugo.org

¿Con que finalidade tratamos os seus datos?

Na Sección de Promoción Económica e Emprego, da Área de Promoción Económica e Social da Deputación Provincial de Lugo, tratamos a información que nos facilitan os interesados formando unha base de datos de persoas e entidades, calquera que sexa a súa forma xurídica, solicitantes de subvencións, para realizar todos os trámites que teñen relación coa xestión do procedemento de concesión de aquelas, e para levar un adecuado control das subvencións solicitadas, das non concedidas, das concedidas, das pendentes de xustificación ou de reintegro, etc.; actividades todas elas que teñen como finalidade un correcto desenvolvemento da actividade administrativa de fomento e unha axeitada distribución dos recursos públicos que, en definitiva deriven no adecuado exercicio da competencia, atribuída legalmente, de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Os datos persoais facilitados conservaranse mentres non se solicite a súa supresión polo interesado.

Non está prevista a existencia de decisións automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

¿Cal é a lexitimación para o tratamento dos seus datos?

A base legal ou lexitimación para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, pois, as actividades levadas a cabo pola Sección de Promoción Económica e Emprego, da Área de Promoción Económica e Social da Deputación Provincial de Lugo, teñen perfecto encaixe no disposto no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, segundo o cal: *Son competencias propias da Deputación [...], en todo caso [...], a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social...*

Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que o seu non enchemento supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros e do cumprimento das finalidades anteriormente descritos.

¿A que destinatarios se comunicarán os seus datos?

Tal e como se adiantou na información básica, non se cederán datos a terceiros, salvo obriga legal.

A este respecto, débese ter en conta o disposto no artigo 155.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, segundo o cal *cada Administración deberá facilitar o acceso das restantes Administracións Públicas aos datos relativos aos interesados que obren no seu poder, especificando as condicións, protocolos e criterios funcionais ou técnicos necesarios para acceder a ditos datos coas máximas garantías de seguridade, integridade e dispoñibilidade*.

Así mesmo, dispón o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), que *a Base de Datos Nacional de Subvencións ten por finalidades promover a transparencia, servir como instrumento para a planificación das políticas públicas, mellorar a xestión e colaborar na loita contra o fraude de subvencións e axudas públicas (...) e recollerá información das subvencións (...) incluíndo, polo menos, (...) identificación dos beneficiarios (...)*. Para elo, *estarán obrigados a subministrar información as administracións, organismos e entidades contemplados no artigo 3 (...)* A información incluída na Base de Datos Nacional de Subvencións terá carácter reservado, sen que poida ser comunicada a terceiros, salvo que a cesión teña por obxecto calquera dos supostos previstos no apartado 5 do dito artigo 20 da LXS.

¿Cales son os seus dereitos cando nos facilita os seus datos?

Ao facilitarnos os seus datos para as anteditas finalidades goza dos seguintes dereitos:

- A acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento das finalidades para as que foron recollidos.
- En determinadas circunstancias, poderá solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.
- En determinadas circunstancias, e por motivos relacionados coa súa situación particular, poderá oponente ao tratamento dos seus datos. Neste caso, a Deputación de Lugo deixará de tratalos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou na defensa de posibles reclamacións.
- No caso de que non obtivera satisfacción no exercicio dos seus dereitos, pode presentar unha reclamación ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente, sendo esta a Axencia Española de Protección de Datos, e cuxos datos de contacto está accesibles en: <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/vistas/formNuevaReclamacion/reclamacion.jsf>